

## A N U N C I O

### **APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DOS USOS DO AUDITORIO MUNICIPAL DE SALCEDA DE CASELAS**

O Pleno da Corporación municipal, en sesión que tivo lugar o 15 de maio de 2012, aprobou inicialmente a Ordenanza Municipal Reguladora dos Usos do Auditorio Municipal.

Ao abeiro do establecido no artigo 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), someteuse o expediente a información pública por un prazo de trinta días hábiles, mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia n.º 109, do 7 de xuño de 2012, e más no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, para o seu exame e presentación de reclamacións e suxestións.

O Pleno da Corporación, en sesión que tivo lugar o 31 de agosto de 2012, procedeu á resolución das reclamacións presentadas en tempo e forma, estimándoas parcialmente e, en consecuencia, aprobou definitivamente o texto da ordenanza, que se publica a continuación para xeral coñecemento, de conformidade co artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

### **ORDENANZA REGULADORA DOS USOS DO AUDITORIO MUNICIPAL DE SALCEDA DE CASELAS**

#### **ARTIGO 1. OBXECTO**

A presente ordenanza ten por obxecto establecer as condicións de uso das instalacións e do material do Auditorio Municipal do Concello de Salceda de Caselas, ubicado no edificio anexo á Casa do Concello, co obxecto de lograr unha utilización racional e ordeada do mesmo.

#### **ARTIGO 2. USOS DO AUDITORIO MUNICIPAL**

**2.1.** O Concello autorizará o uso do Auditorio Municipal para actos que se engloben nas seguintes categorías:

- Actos culturais
- Festivais benéficos
- Actos deportivos que posibiliten a súa celebración nas instalacións do Auditorio.
- Actos informativos
- Actos políticos
- Calquera outro tipo de acto que se considere apropiado por parte do Concello e que cumpla co disposto na presente ordenanza.

**2.2.** Non se autorizará o uso do Auditorio Municipal nos seguintes supostos:



- Actos con claro contido violento, racista, xenófobo, homófobo, antidemocrático ou que vulneren calquera dos dereitos fundamentais das persoas.
- Actos con finalidade lucrativa por parte de empresas ou autónomos, demostracións comerciais ou similares.
- Actos religiosos.
- Calquera acto que non se considere apropiado por parte do Concello, motivándose debidamente.

**2.3.** Este local será utilizado con carácter temporal. En ningún caso poderá ser domicilio social das entidades nin constituir o lugar permanente onde realizar as súas actividades.

### *ARTIGO 3. RÉXIME INTERIOR.*

Nas actividades que se levan a cabo no Auditorio, o Concello exercerá a precisa intervención administrativa, o control, a vixiancia e cantas funcións impliquen o exercicio de autoridade e sexan da súa competencia.

#### **3.1) Disposicións de carácter xeral:**

Tendo en conta que a instalación ten un aforo limitado de persoas, o Concello advertirá e requerirá que non se supere dito límite. Ademais, dispónense as seguintes limitacións:

- a) Non se autoriza a entrada de animais á instalación excepto de cans guía.
- b) Non se permite comer, beber, nin fumar na sala, excepto o consumo de auga.
- c) Prohibese introducir e empregar calquera elemento de vidro, artigos pirotécnicos ou calquera outro produto inflamable.

#### **3.2) Obrigas do Concello de Salceda de Caselas:**

- a) O Concello faise cargo dunha limpeza periódica das instalacións, así como do mantemento técnico dos materiais.
- b) O Concello de Salceda de Caselas facilitará a entrada da entidade solicitante ao local, ven sexa coa apertura de portas por parte dun empregado municipal ou coa entrega das chaves correspondentes ao solicitante.

#### **3.3) Obrigas dos solicitantes:**

- a) Cada solicitante é responsable da limpeza básica das instalacións que se lle autorice usar, debendo deixar os locais nas mesmas condicións de limpeza nas que estaba á súa chegada. Tanto o local coma o material debe quedar recollido.
- b) En caso de precisar o material audiovisual disponible no Auditorio, o solicitante deberá aportar un técnico cualificado que se fará responsable do uso dos mesmos.
- c) O solicitante debe respetar os horarios e datas para os que teña autorización de uso.
- d) No momento de acceder ao Auditorio debe estar presente a persoa que asina a solicitude, procedendo a un recoñecemento xunto con persoal do Concello, do estado en que se atopa tanto a sala como o equipamento dispoñible.
- e) No caso de producirse danos por negligencia ou mala fe, o solicitante deberá repoñer íntegramente o danado ou aboar o importe íntegro da súa reposición.
- f) Excepcionalmente estará permitido o uso do hall do auditorio para degustación de aperitivos, sempre con autorización expresa do Concello.
- g) En ningún caso poderá destinarse este espazo municipal a fins distintos a aqueles para os cales se fai a solicitude.
- h) Non se permite a cesión do espazo por parte do solicitante a terceiros. A autorización será únicamente para o solicitante.



#### *ARTIGO 4. SOLICITUDES.*

O acceso levarase a cabo mediante a presentación dunha instancia normalizada en impresu que se facilitará no Concello, presentada no Rexistro Xeral do Concello e dirixida á concelleira-delegada de cultura.

O impresu deberá estar totalmente cuberto, facilitando todos os datos solicitados no mesmo, adxuntándose a documentación precisa que os acredeite.

Para garantir unha programación axeitada do uso por parte dos potenciais usuarios/as, as solicitudes deberán ser presentadas cunha antelación mínima de 15 días hábiles con respecto á data solicitada.

#### *ARTIGO 5. VALORACIÓN DAS SOLICITUDES E CRITERIOS DE AUTORIZACIÓN DE USO.*

As solicitudes serán valoradas polo Concello atendendo aos seguintes criterios de prioridade:

- Os actos organizados polo Concello de Salceda de Caselas teñen preferencia sobre calquera outra solicitude recibida.
- Terán preferencia de uso as asociacións inscritas no rexistro municipal de asociacións do Concello e os partidos políticos con representación no Concello de Salceda de Caselas.
- Durante os periodos de campaña electoral terán preferencia de uso os diferentes partidos políticos que concurran ás citadas eleccións.
- As autorizacións faranse respectando as preferencias indicadas e a orde de entrada das solicitudes no Rexistro Xeral do Concello.

#### *ARTIGO 6. CONFLICTOS.*

O Concello, a través do órgano competente, será o encargado de dilucidar os conflictos que puidieran xurdir por mor da dispoñibilidade do Auditorio Municipal.

#### *DISPOSICIÓN FINAL*

Esta Ordenanza entrará en vigor unha vez publicado enteiramente o seu texto no BOP e así que transcorra o prazo de 15 días ao que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Salceda de Caselas, a 3 de setembro de 2012.—A 1<sup>a</sup> Tte. de Al Calde en funcións de Alcalde (Decreto nº 286/2012), Marina Cabaleiro Fernández.